

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código   | Centro            | Concello   | Ano académico |
|----------|-------------------|------------|---------------|
| 36024987 | IES de Soutomaior | Soutomaior | 2023/2024     |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza                        | Nome da área/materia/ámbito | Curso  | Sesións semanais | Sesións anuais |
|----------------------------------|-----------------------------|--------|------------------|----------------|
| Educación secundaria obligatoria | Proxecto competencial       | 3º ESO | 1                | 35             |

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

| <b>Contido</b>  | <b>Páxina</b> |
|---|---------------|
| 1. Introducción   | 3             |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias                                  | 4             |
| 3.1. Relación de unidades didácticas  | 4             |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas   | 5             |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas  | 9             |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos  | 9             |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial   | 10            |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación  | 10            |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes                     | 11            |
| 6. Medidas de atención á diversidade  | 11            |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais  | 11            |
| 7.2. Actividades complementarias  | 12            |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 12            |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora                                    | 13            |
| 9. Outros apartados   | 13            |

## 1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 3º curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 156/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a súa elaboración tívose como referencia:

A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

- O Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

- A Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

- O Decreto 117/2023, do 27 de xullo, polo que se modifica o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

- A Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

- A Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

- A Resolución do 6 de xuño de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2023/24.

- A Orde do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

Do mesmo xeito, é de aplicación para o deseño desta programación a normativa para a Educación Secundaria na Comunidade Autónoma de Galicia vixente neste curso 2023/24.

O IES de Soutomaior está situado na localidade de Arcade, concello pontevedrés de Soutomaior. Arcade constitúe o núcleo urbano do concello e ocupa a fronte costeira da vila. Nela atopamos os principais servizos económicos (zonas comerciais, porto pesqueiro, etc.), sociais (dispón de numerosas asociacións musicais, artísticas, grupo de teatro, etc.), culturais e de ocio (biblioteca, edificio de charlas e exposicións, porto deportivo, áreas recreativas, praias, punto de paso de peregrinos, etc.), polo que actúa como referente para as aldeas limítrofes. Soutomaior, que cuadriplica en extensión o territorio de Arcade, en cambio, caracterízase por ser núcleo principalmente rural e de maior dispersión da poboación.

O IES de Soutomaior é un centro de recente creación (inaugurado no curso 2018-2019) con alumnado procede na súa maior parte do antigo CPI Manuel Padín Truiteiro, agora reconvertido en CEIP, así como do CEIP de Pontesampaio (Pontevedra).

Tanto as características da contorna do centro como as características do alumnado se tiveron en conta á hora de crear os principios metodolóxicos.

As instalacións do centro serán útiles para o desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe, dispoñendo de, por exemplo, ordenadores E-Dixgal para o uso de ferramentas dixitais. As aulas tamén contan con encerados dixitais para apoiar o traballo diario na aula.

No curso 2023/24 o centro conta con 3 grupos de 3º da ESO. A distribución dos grupos é a seguinte:

- 3ºA: 28 alumnos e alumnas
- 3ºB: 28 alumnos e alumnas
- 3ºC: 26 alumnos e alumnas.

O alumnado que cursa a materia está dividido en:

3ºA + 3º B: impartido por Paula Veiga Sertal

3ºC: impartido pola Profesora Vanesa Peón Fernández

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos   | CCL | CP | STEM | CD  | CPSAA | CC | CE    | CCEC |
|--|-----|----|------|-----|-------|----|-------|------|
| OBX1 - Deseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.   | 1   |    |      | 1   | 1-5   | 3  | 1-2-3 | 3    |
| OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.   | 1-3 |    | 5    | 3   | 1-3   | 2  | 3     |      |
| OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais. | 1-5 | 3  | 3    | 2-3 | 1-3   |    |       | 3-4  |

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título                                       | Descrición   | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|--|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1  | O meu corpo ferramenta de poder: As emocións | O alumnado coñece e valora as posibilidades do corpo como ferramenta de expresión das emocións con apoio musical. Música e corpo retroaliméntanse.   | 20             | 10         | X        |          |          |
| 2  | Somos arte: Corporeidade en movemento.       | O alumnado investigará sobre os musicais realizando achegas propias, expresivas, cunha intencionalidade comunicativa. Escollerá unha temática que representar relacionada con temas de interese social, abordados dende unha perspectiva emocional. Para acadar os resultados se procederá ao visionado de vídeos de diversas compañías artísticas como Pilóbolus e teatro de sombras co fin de enriquecer e favorecer a creatividade do alumnado. Así mesmo, abordaremos distintos musicais, coa finalidade de que o alumnado elixa un deles para representar a posteriori: este proceso levará consigo a realización | 35             | 10         |          | X        |          |

| UD | Título  | Descrición  | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|---|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 2  | Somos arte: Corporeidade en movemento.              | dos diálogos, do vestiario, das coreografías, da selección musical, etc   | 35             | 10         |          | X        |          |
| 3  | O Proxecto competencial ten o gusto de presentar... | Elaboración do produto final e presentación do mesmo. Representación artística da temática social seleccionada combinando diferentes manifestacións artísticas. | 45             | 15         |          |          | X        |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD                                 | Duración |
|----|--|----------|
| 1  | O meu corpo ferramenta de poder: As emocións | 10       |

| Craterios de avaliación   | Mínimos de consecución  | IA | %   |
|---|---|----|-----|
| CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.  | Recoñecer a importancia da cultura popular e das tradicións.                                | TI | 100 |
| CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.                                       | Seleccionar recursos e materiais para a realización do proxecto.                            |    |     |
| CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.   | Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto. |    |     |
| CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.                                  | Temporalizar as distintas fases do proxecto.  |    |     |
| CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas. | Solventar incidencias que poidan xurdir.  |    |     |
| CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.  | Secuenciar e temporalizar as actuacións   |    |     |
| CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.                                  | Aplicar os coñecementos aprendidos nas diferentes coreografías e expresións corporais       |    |     |
| CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.                                       | Utilizar os recursos e materiais necesarios para o apoio das creacións                      |    |     |
| CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.              | Resolver as incidencias aparecidas na realización das actividades propostas                 |    |     |
| CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.   | Valorar os resultados obtidos, tanto os propios, como os dos grupo.                         |    |     |
| CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.  | Presentar diante dos demais o resultado final   |    |     |

| Craterios de avaliación  | Mínimos de consecución  | IA | % |
|--|---|----|---|
| CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.                        | Empregar a linguaxe como complemento idóneo á expresión corporal                            |    |   |
| CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso. | Empregar a linguaxe corporal para enxalzar a expresión das emocións                         |    |   |
| CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.                    | Potenciar as emocións positivas e controlar as negativas                                    |    |   |
| CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.  | Utilizar recursos dixitais para estudar, aprender e complementar as ideas creativas propias |    |   |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos   |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.</li> <li>- Planificación: secuenciación e temporalización.</li> <li>- Execución de proxectos: dinámicas e roles.</li> <li>- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.</li> <li>- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.</li> </ul> |

| UD | Título da UD                           | Duración |
|----|--|----------|
| 2  | Somos arte: Corporeidade en movemento. | 10       |

| Craterios de avaliación   | Mínimos de consecución   | IA | %   |
|---|--|----|-----|
| CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.  | Recoñecer a temática que se vai representar  | TI | 100 |
| CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.                                       | Elexir os recursos e materiais que se van utilizar coa finalidade de aportar máis información á mensaxe que se pretende transmitir |    |     |
| CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.   | Seleccionar e sintetizar a información que se pretende transmitir  |    |     |
| CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.                                  | Secuenciar e temporalizar correctamente as actuacións do proxecto  |    |     |
| CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas. | Propoñer solucións aos incidentes que poderán ir aparecendo ao longo do proxecto   |    |     |
| CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.  | Executar as actuacións planificadas.   |    |     |

| <b>Criterios de avaliación</b>   | <b>Mínimos de consecución</b>   | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|--|---|-----------|----------|
| CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.                                       | Aplicar os coñecementos axeitados.  |           |          |
| CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.  | Empregar recursos e materiais necesarios.   |           |          |
| CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.                   | Resolver as incidencias xurdidas.   |           |          |
| CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.  | Valorar os resultados logrados.   |           |          |
| CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.   | Presentar o proxecto final  |           |          |
| CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.                        | Empregar unha linguaxe verbal que complemente a información da linguaxe corporal aportando unha maior expresividade |           |          |
| CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso. | Enxalzar a expresividade do discurso coa linguaxe corporal  |           |          |
| CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.                    | Potenciar as emocións positivas e controlar as negativas  |           |          |
| CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.  | Empregar os recursos dixitais para apoiar o proxecto  |           |          |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>  |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.</li> <li>- Planificación: secuenciación e temporalización.</li> <li>- Execución de proxectos: dinámicas e roles.</li> <li>- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.</li> <li>- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.</li> </ul> |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b>                                 | <b>Duración</b> |
|-----------|---|-----------------|
| 3         | O Proxecto competencial ten o gusto de presentar... | 15              |

| <b>Criterios de avaliación</b> | <b>Mínimos de consecución</b> | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|----------|
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|----------|

| <b>Criterios de avaliación</b>   | <b>Mínimos de consecución</b>                                    | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|--|--|-----------|----------|
| CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.   | Recoñecer a importancia da temática a representar                | TI        | 100      |
| CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.  | Identificar os recursos e materiais que se van utilizar          |           |          |
| CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.  | Seleccionar a información que se vai trasladar no proxecto final |           |          |
| CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.                                       | Temporalizar e secuenciar as actuacións para o proxecto          |           |          |
| CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.      | Resolver as incidencias que poidan xurdir durante o proxecto     |           |          |
| CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.   | Secuenciar e temporalizar as fases do proxecto                   |           |          |
| CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.                                       | Aplicar os coñecementos aprendidos                               |           |          |
| CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.  | Empregar os recursos e os materiais necesarios                   |           |          |
| CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.                   | Resolver as incidencias aparecidas durante todo o proxecto       |           |          |
| CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.  | Valorar o resultado final do proxecto                            |           |          |
| CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.   | Presentar a campaña publicitaria.                                |           |          |
| CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.                        | Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.        |           |          |
| CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso. | Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas. |           |          |
| CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.                    | Potenciar as emocións positivas na exposición.                   |           |          |
| CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.  | Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto.          |           |          |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>  |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.</li> <li>- Planificación: secuenciación e temporalización.</li> <li>- Execución de proxectos: dinámicas e roles.</li> </ul> |



## Contidos

- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinabilidade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento.

O proxecto será realizado en grupos de traballo cooperativo, nos cales cada alumna ou alumno adopta un rol concreto e asume tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto.

A metodoloxía exposta caracterizarase por ser, flexible, activa, integradora, participativa, lúdica, creativa e progresiva.

Fomentaremos a creatividade a través de estilos baseados no descubrimento.

Darase o caso de que nunha mesma sesión se varíen os estilos de ensino utilizados dependendo de cada tarefa.

#### ORGANIZACIÓN ESPAZO-TEMPORAL

A organización espazo - temporal virá determinada polas aulas baleiras existentes, priorizando os espazos grandes coma o ximnasio ou a Aula de Música (Usos Múltiples), xa que, para a impartición desta materia, é necesario ter mobilidade e espazo para priorizar o movemento e a expresión a través da linguaxe corporal e facial.

#### AGRUPAMENTOS

En canto aos agrupamentos, a súa determinación viranos determinada polas tarefas aínda que primaremos o traballo en grupo clase xa que favorecen o proceso de socialización, melloran as relacións persoais, o coñecemento mutuo, o respecto polos demais, tolerar os distintos puntos de vista e dominio motriz e melloran o rendemento. Pasando polo traballo por parellas, tríos e en pequeno grupo cando a actividade busque desenvolver a cohesión do grupo, así como a aprendizaxe de habilidades técnicas, entre outras.

Neste proxecto, trabállanse as todas as competencias clave contribuíndo interdisciplinarmente as seguintes áreas:

- Lingua Castelá (expresión oral e escrita, comprensión da información, redacción de textos...)
- Lingua Galega (expresión oral e escrita, comprensión da información, redacción de textos...)
- Tecnoloxía e Dixitalización (búsquas de información en rede, presentación dixital do proxecto)
- Educación Plástica e Visual (deseño do formato de presentación do proxecto)
- Educación física: expresión corporal
- Música: a importancia da música como apoio expresivo e vehículo transmisor de emocións

### 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación   |
|--|
| Aula de Educación Física: telas, pintura corporal, equipo música |
| Aula de música: instrumentos e proxector con internet            |

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste nunha aula convenientemente equipada fundamentalmente no ximnasio e aula de música para favorecer o movemento expresivo do noso alumnado.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial (batería de preguntas orais). O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. Dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias. Os resultados de dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica     | UD 1 | UD 2 | UD 3 | Total |
|-----------------------|------|------|------|-------|
| Peso UD/<br>Tipo Ins. | 20   | 35   | 45   | 100   |
| Táboa de indicadores  | 100  | 100  | 100  | 100   |

### Criterios de cualificación:

Na ESO realizaranse tres avaliacións parciais ordinarias e unha avaliación final. Tal e como se recolle na Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa, na ESO realizaranse tres avaliacións parciais e unha avaliación final (unha vez rematadas as clases).

As tres avaliacións parciais serán 100% prácticas. Será moi importante a implicación do alumnado coas actividades propostas na realización do produto final en cada avaliación.

Os procedementos de avaliación serán os seguintes:

- PRIMEIRA AVALIACIÓN PARCIAL: Montaxe coreográfica con soporte musical para o traballo das emocións. A nota da primeira avaliación calcularase mediante a media aritmética das probas prácticas realizadas. Redondearase cara arriba dende o 0.55

- SEGUNDA AVALIACIÓN PARCIAL: Representación grupal libre entre as diferentes manifestacións artísticas abordadas. A nota da segunda avaliación calcularase mediante a media aritmética das probas prácticas realizadas. Redondearase cara arriba dende o 0.55

- TERCEIRA AVALIACIÓN PARCIAL: Presentación e exposición do proxecto artístico. Calcularase mediante a media aritmética das probas prácticas realizadas. Redondearase cara arriba dende o 0.55

Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos mediante observación directa na aula. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos de traballo cooperativo, desempeño de rol concreto e a realización de tarefas en base aos problemas plantexados.

A NOTA FINAL virá dada pola media aritmética das notas das tres avaliacións parciais, sendo positiva se o alumno/a acadara unha nota superior ou igual a 4,55. Dito alumnado realizará actividades de ampliación no mes de xuño. No caso de non superar a materia, haberá posibilidade de recuperala no mes de xuño.

No mes de xuño, realizaranse clases de reforzo para o alumnado suspenso, facendo fincapé nos contidos a recuperar no exame final, a través de actividades e exercicios de comprensión de contidos. Por outra banda, tamén terán lugar as actividades de ampliación e investigación para o alumnado aprobado.

PARA O ALUMNADO QUE ESTEA APROBADO PERO TEÑA ALGUNHA AVALIACIÓN SUSPENSA: O alumnado que teña media de 4,55 pero algunha avaliación suspenso, terá que realizar actividades de reforzo cos contidos non superados (en lugar de actividades de ampliación), tal e como se indica nos criterios de recuperación.

No boletín de notas indicaranse as cualificacións das tres avaliacións parciais e tamén a da final. A cualificación da

avaliación final atenderá aos criterios antes citados, podendo ser dita nota inferior, igual ou superior á nota obtida na 3ª parcial.

### **Criterios de recuperación:**

Para o alumnado coa materia suspensa procederase do seguinte xeito:

- Se ten suspensa 1 avaliación e a nota media das avaliacións é inferior a 4,55: o alumno/a realizará unha proba práctica de recuperación dos contidos correspondentes a dita avaliación. A nota acadada en dita proba no caso de aprobala (obter un 5 ou máis) será a empregada para o cálculo da nota media final.
- Se ten suspensas 2 avaliacións e a nota media das avaliacións é inferior a 4,55: realizará unha proba que consistirá na elaboración dun produto final cos elementos traballados durante todo o curso. A nota de dita proba representará a nota da avaliación final.

Alumnado aprobado pero con avaliacións a recuperar:

- Se ten suspensas 1 ou 2 avaliacións e a nota media das avaliacións é igual ou superior a 4,55: realizará, na última quincena de xuño, actividades de reforzo das avaliacións non superadas coa finalidade de afianzar contidos. A nota será a media das 3 avaliacións.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

Non hai alumnado con Proxecto Competencial suspenso no presente curso escolar 2023/24

## **6. Medidas de atención á diversidade**

Para os alumnos/as con Necesidades Específicas de Apoio Educativo serán deseñadas as actividades de xeito específico e individualizado de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais dentro do proxecto grupal.

Para o alumnado NEE, as actividades xerais serán adaptadas a cada un deles de xeito individualizado e persoal, atendendo a cada necesidade concreta e á súa participación dentro do grupo.

Estas medidas de atención serán revisables ao longo do curso, podendo aparecer novas necesidades de reforzo ou de medidas específicas en función dos contidos a tratar.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

### **7.1. Concreción dos elementos transversais**

|                                 | UD 1 | UD 2 | UD 3 |
|---------------------------------|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión da Lectura   | X    | X    | X    |
| ET.2 - Expresión Oral e Escrita | X    | X    | X    |
| ET.3 - Comunicación Audiovisual | X    | X    | X    |

|   | UD 1 | UD 2 | UD 3 |
|---|------|------|------|
| ET.4 - Competencia dixital                      | X    | X    | X    |
| ET.5 - Emprendemento social e empresarial       | X    | X    | X    |
| ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico | X    | X    | X    |
| ET.7 - Educación emocional e en valores         | X    | X    | X    |
| ET.8 - Igualdade de xénero                      | X    | X    | X    |
| ET.9 - Creatividade                             | X    | X    | X    |

#### Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade                  | Descrición   | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|-----------------------------|--|----------|----------|----------|
| Espectáculo danza/ musical. | Vivenciar a beleza das artes corporais valorando a música como complemento imprescindible. | X        | X        | X        |

#### Observacións:

A materia de Proxecto poderá decidir no medio de curso a asistencia a algún espectáculo relacionado coa expresión corporal e a danza. O Concello de Soutomaior soe propoñer varias actividades no Multiusos. Valorarase a asistencia en función da súa finalidade.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro   |
|--|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado                                  |

|   |
|---|
| Adecuación á temporalización das unidades didácticas  |
| Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas                 |
| Metodoloxía empregada   |
| Participación activa de todo o alumnado   |
| Medidas de atención á diversidade   |
| Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades |
| Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación                                    |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais                  |
| Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado                                    |
| Outros  |
| Utilización dos distintos instrumentos de avaliación  |

#### **Descrición:**

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

### **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do profesorado, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

Como proposta de mellora o profesorado proporcionará ao alumnado unha enquisa anónima co fin de acadar información para mellorar as UD e modificar aquelas que resultaron menos motivantes.

### **9. Outros apartados**